

## Anexo VIII

Dona \_\_\_\_\_  
con DNI \_\_\_\_\_, Tlf. \_\_\_\_\_, e-mail \_\_\_\_\_, e enderezo \_\_\_\_\_, asistiu á entrevista ao abeiro do Programa Integrado de Empleo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol 2022/2023, (Concellos de Ares, Cabanas, Cedeira, Fene, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño) celebrada en \_\_\_\_\_ o \_\_\_/\_\_\_/\_\_\_ (día/mes/ano) ás \_\_\_\_\_ horas, co obxectivo de recibir información detallada sobre este Programa Integrado de Empleo, dirixido á mellora da ocupabilidade e á inserción laboral das persoas desempregadas.

Durante a mencionada entrevista explicouse o contido de dito programa, o cal establece obxectivos cuantitativos, concretamente un 35% de inserción laboral das persoas participantes e, para lograr tales obxectivos, combináronse accións de diversa natureza, como:

- Información, orientación e asesoramento.
- Técnicas de coaching, intelixencia emocional, e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- Habelencias sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- Fomento da capacidade emprendedora.
- Prospección empresarial.
- Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- Prácticas profesionais non laborais en empresa.
- Obradoiros sobre mobilidade laboral
- Formación transversal:
  - Técnicas de busca de emprego
  - Habelencias sociais: comunicación, intelixencia emocional e traballo en equipo
  - Manipulación de alimentos
  - Alfabetización informática: informática e internet
  - Básico de Prevención de Riscos Laborais
  - Conversa en inglés. Nivel básico
  - Internet, redes sociais e dispositivos dixitais
- Formación para o emprego:
  - Alimentación (Peixaría).
  - Limpeza industrial.
  - Hostalaría (Cociña).
  - Comercio (con especial atención ás novas tecnoloxías).
  - Agricultura ecolóxica.
  - Reparación de móbiles.
  - Xestión de comunidades virtuais.

Inclúense aspectos innovadores do programa en novas tecnoloxías tales como

- Base de datos de seguimento das participantes.
- Empleo de novas tecnoloxías: redes sociais e whatsapp.

- Emprego de dispositivos e aplicacións móbiles.
- Obradoiros de Ferramentas para almacenamento na nube e conferencias en liña.
- Emprego de plataformas de formación on line ou modalidade mixta.
- Posibilidade de realización de obradoiros mediante webinar.
- Sensibilización cara a corresponsabilidade e a conciliación familiar.
- Coordinación e cooperación entre os programas integrados para o emprego.
- Realización de entrevistas de selección ás participantes por parte das empresas de prácticas.

Establécense medidas de conciliación da vida familiar mediante a posta a disposición das participantes d a s seguintes ferramentas:

- Compromiso, por parte dos concellos con capacidade, de reserva de prazas para as persoas participantes no PIE.
- Disporase dun servizo de atención e coidado infantil durante o período de formación do programa.
- Realización de obradoiros específicos para resaltar a importancia da corresponsabilidade e da conciliación familiar.
- Sesións individuais cos participantes e/ou familias.
- Horarios das actividades facilitadoras da conciliación tendo en conta as circunstancias familiares.
- Actividades formativas mixtas, presencial e teleformación.

Todas as persoas demandantes que participen no programa integrado de emprego terán **dereito a percibir unha bolsa consistente en 7 euros por día de asistencia ás accións do programa (dos que se descontará o 2% en concepto de IRPF)**. As bolsas faranse efectivas de xeito mensual e as persoas demandantes deberán asistir e seguir con aproveitamento as accións que dan dereito a cobrar as bolsas. Ademais, terán a obriga de realizar os cuestionarios de satisfacción de todas as accións.

Concello	Teléfono	Correo	Servizo/Dirección
Ares	658493678	adl@concellodeares.com	Área de Formación e Emprego. Casa do Concello, Av. Saavedra Meneses, 12, Ares.
Ares	689242598	adl@concellodeares.com	Área de Formación e Emprego. Casa do Concello, Av. Saavedra Meneses, 12, Ares.
Ares (luns, martes e mércores)	627586101	mmartinez.orientacion@ferrol.es	Servizo Mancomunado de Orientación Laboral. Centro de Formación Municipal Francisco Vizoso, Avda Francisco Vizoso, 42, Mugardos.
Cabanas	981495959	emprego@cabanas.gal	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Casa do Concello. Rúa do Concello, 22, Cabanas.
Cedeira	981480000 ext.4	angeles.rodriguez@cedeira.es	Área de Formación e Emprego. Casa do Concello. Rúa Real, 15, Cedeira.

Fene	981492767	orientacion.laboral@fene.gal	Area de Formación e Emprego “Pancho Allegue. Praza do alcalde Ramón José Souto González, s/n.
Mugardos	698188608	emprego@mugardos.gal	Área de formación e emprego. Casa do Concello, Avenida de Galicia, 45, Mugardos.
Mugardos	627586101	mmartinez.orientacion@ferrol.es	Servizo Mancomunado de Orientación Laboral. Centro de Formación Municipal Francisco Vizoso, Avda Francisco Vizoso, 42, Mugardos.
Narón	981337.700 ext. 1123	a.lagoa@naron.es	Axente de Emprego e Desenvolvemento Local. Casa do Concello de Narón, Praza de Galicia, s.n., Narón.
Narón	981333135	a.alvarez@naron.es	Centro de Formación Municipal Irmás Froilaz, Avda. do Mar, parcela 112, Narón.
Neda (venres)	627586101	mmartinez.orientacion@ferrol.es	Servizo Mancomunado de Orientación Laboral. Casa do Concello, av. de Algeciras 34, Neda.
Valdoviño	981487041 ext. 5	servizos.sociais@concellodevaldovino.com	Servizos sociais. Casa do Concello, Porta do Sol, s/n, Valdoviño.
Valdoviño (xoves)	627586101	mmartinez.orientacion@ferrol.es	Servizo Mancomunado de Orientación Laboral. Casa do Concello, Porta do Sol, s/n, Valdoviño.
Xeral	981944000 ext. 378	<a href="mailto:mancomunidade@ferrol.es">mancomunidade@ferrol.es</a>	Oficina da Mancomunidade. Dependencias municipais do Mercado da Magdalena. Rúa da Igrexa s/n, Ferrol

Programa Integrado de Empleo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de

A continuación deste resumo, **deberá contestar ao seguinte**:

Estou interesada en participar no Programa Integrado de Empleo da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol **SI**  **NON**

Encóntrome nalgunha destas situacións (marcar un ou varios segundo proceda):

Persoa desempregada con discapacidade

Persoa en risco de exclusión social ou persoa desempregada beneficiaria do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia

Muller desempregada vítima de violencia de xénero

Persoa desempregada menor de 30 anos con baixa cualificación

Muller desempregada

En \_\_\_\_\_ (lugar), a \_\_\_\_\_ (data)

Sinatura:

*Os datos recadados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade coa que se recadaron, así como para determinar as correspondentes responsabilidades derivadas do tratamento.*

*A Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol garante que os datos recadados en ningún momento serán cedidos a terceiros, nin tratados para fins distintos aos aquí previstos, sen consentimento previo, salvo que exista unha obriga legal.*

*Así mesmo, para o caso de que a persoa interesada queira exercer os seus dereitos, deberá facelo mediante escrito remitido a:*

*Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol (en diante, "Mancomunidade"), CIF P15000021, e domicilio en Praza de Armas, s/n, 15402, Ferrol (A Coruña), ou mediante correo electrónico á dirección de correo electrónico [mancomunidade@ferrol.es](mailto:mancomunidade@ferrol.es), ou do Delegado de Protección de Datos achegando, en todo caso, proba que permita acreditar a súa identidade. Igualmente, a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ante a autoridade de control.*